
O SEÑOR IBRAHIM E AS FLORES DO CORÁN

Texto de ERIC-EMMANUEL SCHMITT

Tradución de EMMA LÁZARE

Deseño de MARC TAEGER

Encadernación rústica. 14,5 x 21 cm. 64 páx. 10 €

ISBN 978-84-96957-09-1. Factoría K de Libros. Narrativa K.

Unha mañá, antes de marchar para o instituto, meu pai díxerame:

*–Moisés, non o entendo... Faltan cartos... a partir de agora,
escribirás no caderno da cociña todo o que gastas na compra.*

*Así que, non bastaba con que me reprenderan, tanto no instituto
coma na casa, con lavar, estudar, cociñar e facer os recados,
non bastaba con vivir só nun gran piso escuro,*

*baleiro e sen cariño, con ser escravo máis ca o fillo dun avogado
sen casos e sen muller, senón que tiña que pasar por ladrón!*

Pois xa que era sospeitoso de roubar, mellor facelo...

Momo é un adolescente xudeu, desorientado e orfo de agarimo.

Ibrahim é un tendeiro musulmán, de carácter reflexivo
e pausado, cunha visión da vida marcada pola perspectiva

e pola experiencia dos anos. Dous habitantes solitarios
da rúa Azul, no París dos anos 60, que traban unha entrañable
amizade que trascende as súas respectivas crenzas.

Un aporta vitalidade, o outro sabedoría...

Máis que unha novela, trátase dun texto iniciático que apela
ao multiculturalismo, á tolerancia e ao entendemento entre iguais.

A súa lectura reconforta e afortala a nosa confianza
na especie humana. Partindo dunha relación pseudo-paternofilial
entre os protagonistas, este relato sinxelo e áxil ábrenos a porta
a unha reflexión esperanzadora sobre o futuro do mundo
no que vivimos. “O señor Ibrahim e as flores do Corán”
é o segundo título da ‘Triloxía do invisible’, dedicada
ás principais relixións, da que tamén forman parte “Milarepa”
e “Oscar e Mamie-Rose”.

www.FAKTORÍA  DE LIBROS . com
comunicacion@faktoriakdelibros.com



-
- **Temática:** a amizade entre un adolescente xudeu e un tendeiro musulmán.
 - **Idade recomendada:** a partir de 15 anos; adultos.
 - **Aspectos destacables:** texto iniciático; tolerancia, multiculturalismo; da ‘Triloxía do invisible’; adaptado ao cine (película premiada no Festival de Venecia 2003, Premio César en Francia) e ao teatro.
-

Éric-Emmanuel Schmitt

(Lyon, Francia, 1960)

Profesor de filosofía, dramaturgo e novelista. É un dos autores máis representados en Francia; moitas das súas obras teatrais estreáronse en máis dunha trintena de países. A Academia Francesa outorgoulle en 2001 o Gran Premio do Teatro polo conxunto da súa obra. Na súa produción narrativa destaca “L’Evangile selon Pilate”, que recibiu varios galardóns. De “O señor Ibrahim e as flores do Corán” fíxose unha adaptación cinematográfica dirixida por François Dupeyron, con Omar Shariff e Pierre Boulanger. A película foi galardoada co premio ao mellor actor no Festival de Venecia 2003 e co César ao mellor actor, equivalente ao Goya en España. Fíxose tamén unha adaptación teatral, con dirección de Ernesto Caballero.

<http://www.eric-emmanuel-schmitt.com>